

Desde APETEGA (Asociación do Profesorado de Tecnoloxía de Galicia), despois de revisar a carga horaria que propón a Consellería de Educación para a Mesa Sectorial do día 5 de marzo, queremos facer constar a nosa máis profunda consternación e preocupación por:

- A materia de Tecnoloxías sofre A MÁIS DRÁSTICA REDUCCIÓN DE TODAS AS ÁREAS DA ESO, pasando de 7 a 4 horas semanais, o que supón unha redución do 43%, desoíndo as demandas de practicamente tódalas organización vinculadas ao ensino. Solicitamos enerxicamente a revisión de este cadro horario.

- O ensino da Tecnoloxía queda gravemente danado con esta proposta, supoñendo un gran paso atrás na educación que van recibir as vindeiras xeracións, en contra das necesidades formativas actuais e as recomendacións internacionais en materia educativa.

- O profesorado sofre unha redución enorme na súa carga horaria, cos correspondentes problemas para os/as interinos/as e funcionarios/as (impartir afíns, suprimidos, desprazados...)

- O DCB de Informática (optativa en 4º) foi feito polo mesmo grupo de traballo que Tecnoloxías e Tecnoloxía, coa participación activa de APETEGA (non llo encargaron nin a matemáticas nin a física e química)

- A Ministra de Educación e Ciencia respondeu a unha pregunta concreta sobre o tema, que a materia de Tecnoloxías en 4º desdóbrase en dúas optativas, Tecnoloxía e Informática, co cal as competencias deben ser asignadas ao profesorado desa área. (consultar: [http://www.apetega.org/documentos/RESPOSTA\\_LOE\\_09-02-07.pdf](http://www.apetega.org/documentos/RESPOSTA_LOE_09-02-07.pdf) , penúltimo parágrafo)

Demandamos que a materia de Informática de 4º de ESO estea asignada en exclusiva á especialidade de Tecnoloxía, mantendo as competencias actuais, polas seguintes razóns:

- As materias de Tecnoloxía e de Informática de 4º de ESO son a continuación da materia de Tecnoloxías dos primeiros cursos. Para unha maior coordinación e continuidade pedagóxica recoméndase que sexan responsabilidade do mesmo departamento.
- Se finalmente a carga horaria da materia de tecnoloxía sofre tal redución verase afectado gran cantidade de profesorado, problema que se solucionaría en parte coa asignación da materia de Informática. Ademais incórrase no contrasentido de que as outras especialidades ás que o borrador asigna a materia de informática non se lles reduce a carga horaria (Física e Química) ou mesmo se lle aumenta (Matemáticas)

Apelando ao compromiso que o seu Sindicato asinou nas protestas que viñemos realizando (exposto publicamente en <http://http://www.apetega.org/lexislacion/lexislacion.php>), solicitamos a súa intervención na Mesa Sectorial do 5 de Marzo para defender as nosas demandas.

Moitas grazas por anticipado.

1 de marzo de 2007



**APETEGA** - Asociación do Profesorado de Tecnoloxía de Galicia  
Apartado 142 - C.P. 15702 - Santiago de Compostela  
[www.apetega.org](http://www.apetega.org) - [contacto@apetega.org](mailto:contacto@apetega.org)